

DÍA DAS ESCRITORAS 2025

1975: Escribide, compañeiras!



ÍNDICE

María do Carme Kruckenberg	4
Margarita Ledo Andión	5
Anisia Miranda	6
M ^a Victoria Moreno	8
Luz Pozo Garza	10
M ^a Xosé Queizán	11
Xohana Torres	12
Dora Vázquez	13
Pura Vázquez	15
Helena Villar Janeiro	17
 Bibliografía das autoras nos arredores de 1975	 19

NOTA _ Na transcripción dos distintos fragmentos decidiuse manter a ortografía da escrita orixinal previa ás convencións derivadas das Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego de 1983. Alén de ser unha mostra da literatura do momento, é tamén un reflexo das dificultades que comportaba escribir nunha lingua que carecía dunhas normas ortográficas e morfolóxicas estables.

Vaia con esta escolma o noso agradecemento e recoñecemento a estas dez autoras, mulleres que nos anos 70 publicaron en galego, pola súa obra e o seu compromiso coa nosa lingua e a nosa cultura.

MARÍA DO CARME KRUCKENBERG

A sombra ergueita, 1976.

8

1.

A paz amigo, non é unha pomba morta
disecada en unha gaiola de ferro.
A paz é unha chanela infinda
aberta as esperanzas dos homes ceibes.

2.

A paz ten un remuíño de bágoas
escorrendo polas azas
de unha pomba ferida...



34

Moitos
estades pechados á ledicia.
Pechados os labres.
Pechados os ollos.
Pechado o corazón
e o amor pechado.
Pero tendes abertas as portas
do engano,
e sodes capaces de vivir mortos
como a pedra.

MARGARITA LEDO ANDIÓN

O corvo érguese cedo, 1973.

Pra que veñas mañá
moito máis cedo
e me biques
as tempas lenemente
camiñaréi traiciós,
carpis feitos, a mau,
terra e semente.

Pra que veñas mañá
moito máis cedo
hei manter como sexa
o lume ben aceso.

Pra que veñas mañá,
amigo e compañeiro,
hei ter ollos de neno
i o riso transparente
pra que veñas mañá
i apreixas o meu corpo.

Pra que veñas mañá
moito máis cedo.



Se a palabra fose,
efectivamente,
como as balas...

... ..

E por iso:
non sei
que facer
coa palabra.

ANISIA MIRANDA

“A primeira aventura da ranciña” en *Cantarolas e contos prá xente miuda*, 1975.

(...) Moi leda, dixo para sí:

— ¡Xa está todo arranxado! Deica ese pelouro, eu podo saltar, e do pelouro pra acá, tamén podo saltar. Por riba do pelouro pasa un pouquiño de auga e con esa auga teño un baño.

Non matinou máis. Dun salto que lle foi doado, chegou ó pelouro que ficaba perto da beiriña.

¡Qué baño máis garimoso estaba a dá-la Ranciña! ¡Aquele sí que era troula!

Nesto oíu uns laios que daban medo:

— ¡Ausilio! ¡Valédeme; valédeme que me leva a corrente!

Era a Avelaíña Azul, pousada sobor dunha folla á que a corrente do río levada cunha velocidade arrepiante.

— ¿Que che pasa? —preguntoulle a Ranciña.

— Que se me mollaron as ás e non podo voar e o río lévame! ¡Axúdame!

A Ranciña matinou un intre:

«¿E se caio deste pelouro? ¿E se me leva a min tamén a corrente? ¡Que se amole! ¡Eu de eiquí non me movo! ¡Por parva é que lle acontece eso! ¿Quén a mandou subirse a unha folla? ¿A quén se lle pode ocorrer? ¡Que percurase un pelouro como o meu!»

E respondeulle á malpocada Avelaíña:

— Non podo axudarche, miña xoia, porque peligro eu.

— ¡Pro se ti estás segura nese pelouro! Estarrica unha perna e xa me salvas!

— ¡Ai non, miña filla, non podo. Pra outra vez percura un pelouro coma o meu e non unha folla. Adeprende de min.

As derradeiras verbas da ra deste conto xa non as oíu a Avelaíña. A corrente leváraa moi lonxe. E como a Ranciña tampouco escoitou máis os laios, seguíu coma se tal, batuxando na auga e choutando sobor de pelouro.

Tan engaiolada estaba a Ranciña nesta brincadeira que non se decatou de que o pelouro enriba do que se atopaba comezou a se mover. E movíase hastra onde a corrente era máis forte. ¡Maxinade o susto que levou cando viu que ficaba no mesmo medio do río e que por máis que se aprexara no pelouro, como era lixo, case non lle era posible manterse riba del!

— ¡Ai, miña nai! ¡Ai, miña naiciña! —comezou a berrar— ¡Este pelouro movéuse! ¡E a corrente lévame! ¡Ausilio! ¡Ausilio! ¡Valédeme...!

¿Pro quén poderá oírme, se a miña nai queda lonxe e as miñas irmás tamén?

Xa choraba a Ranciña; choraba a todo chorar, arrepentíndose a máis non poder porque non tivera en conta os consellos da súa nai, cando o pelouro comezou a moverse outra vez hastra a beira do río. Pro a Ranciña estaba tan medoñenta que non se decatara desto e seguía a berrar.

— ¡Ausilio! ¡Ausilio que me leva a auga! ¡que me afogo!

E pechaba os ollos pra non ve-lo que acontecía. Nesto, sinte que alguén a empuxa, que un tempinho fica no aire e que despois cae coma un fardel de patacas. Sóio atinou a berrar co seu derradeiro folgo:

— Naiciña, ¡eu morro!

Despóis escoita unha voz que parece vir de lonxe, pro que en realidade está xunto dela. Unha voz que fala con acougo:

—Supoño que esto che serviría de escarmento pra que endexamáis esqueza-los consellos dos grandes, e pra que axudes ós demais sempre que teñan necesidades.

¿Qué era o que acontecera?

A Ranciña abriu pouquiño a pouco os ollos e atopouse ca súa veciña a Tartaruga, e non lle foi preciso cavilar moito. O pelouro que maxinou pelouro, non era tal; era o lombo da Tartaruga. Non dixo nada a Ranciña; sólo escoitou:

—Deixéiche que estiveses riba do meu lombo e non pensaba pedirche contas por estares facendo que non debías, pro cando lle negáche-la axuda á Avelaíña, penséi que tiña que darche un bon escarmento pra que non voltaras a facer cousas noxentas coma as que fixeches hoxe.

Non dixo mais a Tartaruga porque a Ranciña voltaba a chorar, xa non de medo nin de arrepentimento por non ter en conta o que os seus lle ensinaran. Choraba de dor lembrándose da que lle pedira axuda había ben pouco. E choraría máis, moitísimo máis, se non fose que chegaron as suas irmas e fixeron o conto dunha avelaíña azul que elas salvaron de morrer afogada, porque a corrente do río levaba a folla riba da cal agardaba que lle enxugaran as ás.

E, riquiplín, quitiplín.. o meu conto chegou ó fin.

M^a VICTORIA MORENO

O cataventos, 1º Premio nacional de contos O Facho, 1975.

(...)

Só ás galiñas lles estaba privada esa boadanza... E a culpa era toda de don *Pío*, un galo que mandaba nelas e xa de paso tamén nos paxariños que as roldaban por mor do millo.

É que lle gustaba mandar.

Érache un mozo garrido o tal don *Pío*. Ollos de vidro dourado. Por sombreiro, unha cresta roxa que ás veces parecía cereixa e ás veces lume. Do traxe só che sabería dicir que era o máis elegante que mirei: nin de seda nin de lá. De plumas rechamantes, lixadas de ouro nas alas e máis na cola. O seu camiñar era fachendoso:

–Aquí estóu –kikirikí–
pra que miren as galiñas
quén é o que manda aquí.

A *Roxapitiña* –que era moi guapa– pensaba, ó miralo:

–Se eu non fose unha femia, se todas esas parvas me deixasen a min come-los millores grans, iba ver ese lampantín quen era o máis fermoso...

E viraba a cabeza pra outro lado.

A *Mourapitiña* –que era algo vellla e máis xorda–, cando miraba a don *Pío* co peto abaloufado e co pescozo estarricado coidaba que se lle trasgolara algún gran e quería axudarlle. E, cada vez que se achegaba a el –¡zas!– don *Pío* dáballe un moquete.

Ela pensaba:

–Se non comeses tanto, lampantín...

As *Teixapitiñas* –que che eran moitas– facían unha ringleira detrás de don *Pío*. Cando el comezaba:

Aquí estou –kikirikí–

elas contestaban:

Sí, sí, Sí... Sí, sí, sí, Sí.

Cando el decía:

pra que miren as galiñas

elas:

xa te miran as teixiñas.

E cando el, coa voz inchada, remataba:

quen é o que manda aquí.

Elas coreaban:

e a moita honra o servir.

Érache unha canción tan tristeira...

A *Pombapitiña* –coitada–, como era nova alí e non coñecía aínda os costumes, brincou ó pau máis alto do galiñeiro só pra saber quen cantaba daquela maneira. E a *Pintapitiña* –que era tan espelida que ganaba o pan no aire– berroulle:

–¡Baixa de ahí!

Pero xa era tarde...

Don Pío mirou aquel brinco limpo e lixeiro e pensou:

Eu son o que manda aquí

e esa parva da galiña

voa máis alto ca min.

E comezou a devecer de envexa.

(...)

Mar adiante, 1973.



LUZ POZO GARZA

Últimas palabras, 1976.¹

carta

catro de maio
soidade
as derradeiras verbas
toma e le
acendes unha lámpada
na noite
ollas a transparencia da verdade
descifras a mensaxe
o fío do silencio
a inocente lembranza
que se acouba para esquecer
en soidade
toma e le
crebouse o fío
xa non vibra
a invocación de cada noite
escoitas a tristura
nas orelas de lonxe
do afastamento
sen tempo
sen espacio
sen mar
sen nada

pasos

ando
a escoitar
susurro da morte
silencio
non me pos medo
non
escoito a morte
non
que dis
falas tan quedamente
un susurro
de pasos
gas sedante
unha gasa
de seda
tan suave
que me dis
non
me pos medo

¹ Poemas segundo a edición en *Historias fidelísimas. Poesía selecta 1952-2003*, 2003.

M^a XOSÉ QUEIZÁN

A muller en Galicia, 1977.

“Normalización da lingua e da muller”

A normalización lingüística consiste en poñer a lingua ao día, unificala, darlle unhas normas gramaticáis axeitadas e precisas, adaptala para o ensino e a todos os niveis, etc. Pero non soamente iso. Normalizar o galego quere tamén dicir poñer a nosa lingua ao nivel do castelán, cando menos, darlle un prestixio cultural e social, conseguir que o galego deixe de ser unha lingua para andar por casa senón que sirva aos seus falantes para todas as necesidades tanto familiares como públicas, privadas ou oficiais. E para iso, o galego ten de se normalizar, é dicir, poñerse á mesma altura que o idioma de poder: o castelán. Consegue que non haxa en Galicia unha lingua de 1ª e outra de 2ª.

A muller tamén necesita a normalización. Equipararse co home ante as leis, na que está ao mesmo nivel que un menor ou un minusválido. Equipararse a nivel de estudo, de traballo, de igual salario polo mesmo traballo. Equipararse a nivel de recoñecemento ante a sociedade. Equipararse no que respecta a representatividade política e social, etc.

A marxinación é a característica fundamental na que se topa a muller. Mesmo nos casos en que semella estar en igualdade co home non é máis que unha mera aparencia. A realidade amosa que á hora da verdade non é así. É un caso semellante ao do derradeiro decreto sobor das “linguas rexionais”. Baixo unha aparencia de permisividade, agáchase a repulsa e a marxinación. Este é o millor dos casos no que se topa a muller ante a sociedade.

Por iso a normalización da muller non se pode deter en conseguir unhas melloras legáis e laboráis, do mesmo xeito que á normalización a lingua non lle bastan unhas leis técnicas e lingüísticas. “Evidentemente, as leis non chegan por sí mesmas e non nos podemos contentar, de ningún xeito, con simples decretos” (Lenin. “Sobor da emancipación da muller”).

A verdadeira normalización da muller supón abolir a xerarquía patriarcal, supón a anulación da disimetría home-muller. Pero non adaptándose ao superior nen deixándose assimilar, senón poñéndose ao mesmo nivel e conservando todos os rasgos diferenciadores e a propia natureza.

Do mesmo xeito que as ideoloxías románticas e místicas sobor da lingua deteñen o proceso de normalización, así tamén o idealismos míticos sobor da muller e as ideas estereotipadas impiden ollar a realidade como é e a necesidade da súa normalización. Sobrevalorar á muller ou á lingua, ou infravalorar, desbotan a normalidade.

Nen as melindrosas par délicateces j’ái perdu ma vie, que siguen as pautas idealizadoras, nen a “imita-homes” asimiladas, poden conseguir a normalización do sexo feminino.

Ao longo deste camiñar comparativo poidemos comprobar coma *unha situación represiva e inxusta pode provocar fenómenos paralelos, alienantes e nocivos, na muller e nos galegos falantes.* Sabemos tamén que para que esta inxusta situación desapareza hai que *destruír primeiramente as causas que a produciron: o patriarcado e o colonialismo,* e os prexuícios que destas situacións se desprenden. Segundo Max Horkheimer. Unha das cousas que teñen que cambiar son os prexuícios destructivos, como os que tomaron parte nas grandes conquistas e catástrofes da Historia e que non desapareceron, de ningún xeito, na actualidade, coa nosa florecente economía; eles fan da conciencia cousificada un tribunal no que o veredicto fíxase de antemán e dispón o que poderá alegar o acusado; todo o proceso —o pró e o contra, a acusación e a defensa— é samente aparente; e as relacións entre os homes convírtense en valeiras, por moito que sigan a funcionar.

Vigo, febreiro de 1976.

XOHANA TORRES

Adiós, María, 1971.

(...)

Como malla a calor.

A calor fai bulir o sangue polas tempas, brrr brrr, fai cóxegas, mesmo semella o sangue formigas quentes polo corpo adiante.

O avó anda asmático e dende que eles largaron para Francia está moi mirria, que queredes, todos con cataplasmas. Dende o último stop do bus ata aquí enriba temos unha boa tirada e sen forzar o asunto tardaremos uns dez minutos, xa digo, botando polo baixo e con bo tempo.

Chégase a Cantador por un desvío dende autobús na Parada do bar, extrarradio, seis quilómetros de distancia á vila, cadra nun alto a nosa casa, hai dous anos todo esto eran leiras arredor e vai mirar agora o que queda de campo dende que fixeron a autopista, todos son solares, vendo este anaco, véndese este outro, urbanización Priegue teléfono 453456. Nada, nada, o que di o Kaiser: queiras non queiras temos a vila enriba coma os rabos dun polbo, xa vedes, gasoleira, un bar, o novo estadio e a ver se calan coas detonadoras...

Os amigos, falando por falar, "¡Ai!, Inés, Román, que humor, por unha banda a gastar o lombo na cidade e pola outra, galiñeiro e repolos, si que está boa a cousa, eso pasou á historia, tedes un gusto, por Dios nin que fora aquilo un pazo..." Pois non e así de fácil de entender o negocio, xa vedes, xentes das viñas, labregos toda a vida, a ver, quen cambia, quen pode con esto, ¡ai señor!, o Káiser sempre a repetilo: mirade ben, o que tivo para si algo de terra non se esquece dela endexamais.

Eu ben entendo por onde vai ese asunto do sentimento, ten o seu qué o campo, chega un home do choio e colle un raño, remove o sulco, tomates, allos, cebolas ou di simplemente, "¡Ai!, ollade, xa están florecer as primeiras dalias", e chachos, pero que alegría toda xunta, mesmo parece que o mundo se colle coas mans igual que se atopara este home un tesouro. E, ademais, que, se as cabras tiran ao monte por algo será, digo eu.

(...)

E aínda vos digo máis, polos tabiques, unha vergonza, un día si e outro tamén escoitando sen querer vidas alleas, de finos que eran, e o meu pai amolado: ouvimos ata respirar, e eles a nós tamén, hai que poñer unha capa de poliuretano pero claro ¿como a metes agora? bótalle guindas, non imos desfacer a casa... E as conversas con todo detalle: Mariña, ¿onde me puxeches os pantalóns? ¿Cales? Cales van ser, os de tirantes. No seu lugar de sempre, na porta da dereita do armario. Pois non os vexo. Pois volve alá e abre ben os ollos que para outras cousas ben miras, ben, nada ho, que non hai día que non me tumbe que ti non veñas con molestias. Mariña que me estás poñendo moi nervioso. Nada, o de sempre por non variar, así dá gusto, que cruz con este home, teño que meterllos na man coma todo...

E logo, tac tac tac

ía Mariña cos tacóns

tac tac tac resoando no comedor, no pasillo

tac tac tac, xa entra,

¡ñaaaa! a porta do armario que necesita engrase

— ¿Ves como estaban?...

A ver, que vida. (...)

DORA VÁZQUEZ

“A nena que iba a busca de un corazón”, *Monicreques*, 1974.

(...) Soa a melodía co canto dos paxaros. A Nena escoita e encomenza un ballet. Nos xiros, a Nena ve a velliña e vai cara ela e cala a música. A vella viste coma unha vella campesiña.

Nena (á vella, ouservando como fía na roca): —Boa velliña, ¿qué estás facendo?

Vella (mirando á Nena e dándolle ao fuso): —Xa o ves... Fiando na lá para o inverno... ¿Queres sentarte? (faiille sitio beira dela). ¿Cómo te chamas?

Nena (sentándose): —Chámome María Xesús.

Vella: —E un nome moi bonito... ¿E qué andas faguendo por istes lugares?

Nena: —Vou a busca dun corazón que queira cambearse por o meu... O que teño, di o médeco que é moi grande pra mín, e que morreréi moi pronto.

Vella (deixando de fiar, e óllaa garimosamente): —¡Miña probe!... ¿Camiñarías moito, verdá? ¡Coitadiña!...

Nena (erguéndose): —Sí... Camiñéi moito... ¿Sabes onde o encontraréi?

Vella (pensando): —Non... Non sei de nadie que quixera facelo. Podía darche o meu, pro está tan vello e magoado que non che serviría.. (...)

Campo e mar aberto, 1975.

Adicatoria

Para todos os nenos que lles guste adeprender o idioma galego. Para que en galego lean estes contos, en galego os contan a outros.

A durmir, neniño...

VEN, meu neniño,
ven a durmir,
que xa a lúa
quere sair.

Nacen luceiros
no ceo azul.
Mais os teus ollos
non queren luz.

Queren pecharse,
volverse abrir..
¡Presiño neles
o Sono vin!...

Ven, que no berce
te arrolaréi,
pra que tí podas
gardalo ben.

¡Ven, meu neniño,
ven a durmir!

VOCABULARIO - Galego traducido ao castelán: *luceros-luceros*; *ceo*-cielo; *ollos*-ojos; *pecharse*-cerrarse; *Sono*-Sueño; *neles*-en ellos; *vin*-vi; *berce*-cuna; *arrolaré*-te arrullaré; *gardalo*-guardarlo; *ben*-bien.

No outono

O Outono, é unha estación do ano bastante tristeira. Os árbores perden as follas. O vento xoga con elas e as ponlas vanse quedando espidas de todo.

Cando chove, a paisaxe parece como un pano cinsento, enchoupado de auga. Dos tellados cán fortes pingueiras arreo, que baten contra o chan en cantiga monótona. E das ponlas dos albres, céibanse miudas pinguiñas que brilan un intre e se deixan caír.

¡Probes paxariños! Sin niños, sin cobixo, voan deiquí para alí, coa pruma mollada apegadiña ao corpo.

¡Probes paxariños, e probes ises nenos que, como eles, non teñen fogar fixo, espidos e famentos polo mundo, fuxindo das guerras, sin tellado onde acocharse nin leito onde apousar a cabeciña.

Pra iles non hai primaveira bonita, nin outono dourado. Nin hai arco iris, ise arco que os rapaces lle chaman "das vellas", cos sete cores en que se descompón a luz branca do sol. Moitos, cecáis non lle conozan xiquera os nomes. Non saiban que son: amarelo, roxo, anaranxado, verde, azul, aíl e violado. Non o saberán, porque inda serán moi pequenos para ir á escola, ou porque o seu camiñar sin paradas ou as loitas na súa terra, non os deixan ir a ela...

VOCABULARIO - Traducido do galego ao castelán: *Outono*-Otoño; *árbores*-árboles; *espidos*-desnudos; *cinsento*-ceniciento; *enchoupado*-empapado; *arreo*-seguidas; *chan*-suelo; *cobixo*-cobijo; *fuxindo*-huyendo; *acocharse*-guarecerse; *nomes*-nombres.

COMPRENSION - exercicio: ¿Cómo é o Outono? ¿Por qué son probes os paxariños? ¿E moitos nenos? ¿Por qué non hai pra iles Primaveira nin Outono? ¿En qué cores se descompón a luz do sol? ¿Por qué hai nenos que non os conocen?

PURA VÁZQUEZ

“O paxaro azul”, *Monicreques*, 1974.

(...)

ESCEA PRIMEIRA

ACCION:

Ao erguerse o telón, a nai estará sentada no banco cosendo. Fai a mímica de que cose, enfía a agulla, da a puntada, alonga o brazo coa enfiada, etc., e repite. A filla atoparase na mesma fachada, pro na esquina da casa de espaldas pra nai, mirando algo que aquela non pode ver. A nena está coma encantada, incrinada cara o bosco, ascoitando cantos de paxaro, e ollando cara a ponla en que canta o paxaro azul, que debe estar ben a vista da sala. Ten a pruma brillante. O truco fará que cambee de posición algunha vez ao cantar. A nena escoita un anaco, e de súpeto, vóltase e vai cara onda a nai, en pasos que poden seguir un ritmo de ballet si se quer ou hai xeito. Chega axunto da nai:

Nena (a nai): — ¡Mamá! ¡Mamá!...

Nai (á nena, dando outra puntada): — ¿Qué queres, miña nena?

Nena (escitada): — Un paxaro azul, que canta pra mín... ¿Non o oies?

Nai (deixando de coser e ascoitando): Non, non oio nada... (escéptica): ¿E dis que é un paxaro azul?

Nena (sorprendida): — ¿Cómo non vas a ouvílo, si canta de seguido e o seu canto o enche todo? ¡Escoita...!

Nai (complacente e comprensiva): — Boeno... Pode ser que cante soio pra tí, e por eso eu non podo ouvílo.

Nena (esaltada): — Pero eu quero que tí tamén o escoites... (cóllea por a man e turra dela pra que se erga do banco). Ven alí, a que o vexas, e verás como o oies cantar.

Nai (erguéndose pousando no banco a peza da costura): -Nou, miña nena, vou... Deixaréi a costura un anaco.

Nena (atenta): — Non cosas tanto, mamá, que se che cansan os ollos e despois non podes ver o que vexo eu... (ollándoa pregante): ¿Por qué non xogas algunha vez conmigo? ¿Estóu tan solíña...

Nai (abrazándoa garimosamente): — ¿Queres xogar, tesouro meu? Pois ¡a xogar!

A nai colle á filla da man e collidas danzarán por o esceáreo ao son da música que soará agora e calará o paxaro. Nai e filla xirarán cos brazos abertos e outras veces abrazadas para voltar a ceibarse. Hai que dar a esta escea a maior plasticidade e ritmo posibel. Logo, calará a música, soltaránse e alentarán, e o paxaro voltará a cantar. (...)

“O trasno enredador”, *Monicreques*, 1974.(...) **ESCEA PRIMEIRA**

ACCION:

Ao correrse o telón, soa unha melodía soave, que pode ser dos Contos de Hoffman. Por Foro 1, ou dereito, aparece o Trasnó xogando co boneco. Baila con il, pásao de unha a outra man, e outras mímicas, con pasos xeitosos de ballet si pode ser, e se non, de xeito rítmico. Danza por o vieiro e o esceáreo, hasta que se para no medio mirando ao boneco ou paiaso. Apértao e volta a contemplalo sorrinte. De sócato palpa coa man na sen, coma si se lle viñeira ao pensamento algo ditoso. Deita ao boneco no chan coas pernas e brazos estendidos, mirando ao ceo.

O Trasnó vaise, danzando e ollando ao paíaso, sorrinte. Párase fronte do arbolíño e olla para a lúa, e fai igoal no estanque, e segue a danza hasta ascondese tras da roseira. Dende alí olla para os Foros, coma agardando algún acontecemento.

Para a música, e escoitaránsen voces de nenos que entran por Foro esquerdo. Son dous. O Trasnó veos chegar, esfégase as mans e ascóndese millor. Os rapaces tran entre os dous unha cometa brillante. Falan:

Neno 1 (sinalando a cometa): — ¿Déixasme botala outra vez?

Neno 2: — Non, que está sendo noite. Non a veríamos sobir, e perderíase no ceo...

Neno 1 (ollando en rede e á outura): — Sí, xa non se ve moito... (ledoso). Pro mañán deixarásme... Co sol, verémola sobir hasta as nubens...

Neno 2: — Ademáis, agora non fai vento...

Os rapaces chegan falando hasta preto do boneco.

Neno 1 (mirando ao chan): — ¿Qué é esto? Paresce un boneco...

Neno 2 (agáchase e colle o boneco. O mira) — ¡E un paíaso!... ¡Pra mín!

¡Pra mín!... (brinca co boneco, e dalle ao outro a cometa. Examina boneco).

Neno 1 (indeciso): — Eu o vin primeiro... Debe ser pra mín...

Neno 2 (sacodindo no ár ao monifate): — Pero eu collino antes... ¡E meu!

Neno 1 (bota lonxe a cometa, que cai dentro do estanque, e persigue ao Neno 2, para arrincarlle o boneco. Berra): — ¡E meu!... Eu o vin primeiro... ¡Damo!...

Neno 2 (fuxe dil con pasos xeitosos, levando en alto o boneco para que non lle chegue coas mans): — Pero eu o collín do chan. ¡E meu! ¡Non cho dou, non cho dou!...

Neno 1 (persigueo de igoal xeito e atópase con il ao danzar por o vieiro): ¡E meu!... (turra do boneco por unha perna, que se ceiba do corpo do paíaso. O neno contempra, asombrado a perna na man. Di: — ¡Por a túa culpa!... Mira, rompéuselle unha perna...

Neno 2 (ollando ao seu monifate): — Por a túa... Non turraras tan forte.

Os dous contempran as partes do paíaso un pouco tristes, pro miran deseguida ao Foro dereito ao escoitar voces de nenas. (...)

HELENA VILLAR JANEIRO

Cravo fondo, 1977.

Armesto, 17 de outono de 1974

Blop,

blip,

chup,

blup,

chap.

Chove,

chove,

chove.

Van chegar os nenos
cun paraugas de home.

Baixo dun paraugas
doce pés se cobren.

Daránme o paraugas
pra facer a crase.

O mendo meirande
o océano grande.

Os pequerrechíños
van ser os probiños

Nun buraco mouro
que un toxo arrincóu.

imos ver o Armesto
que un marqués nomeóu.

Blop,

blip,

chup,

blup,

chap.

Chove,

chove,

chove.

Chumbo o ceo frío.

Chumba a escola probe.

Samil, 25 de marzal de 1975

Non voltes, Guillermo.

Non voltes ó mar.

Paséi polo mar
a ollar
a soidá.

Cada onda do mar
repite o cantar
da velliña louca
co cabelo ó ar...

"Non voltes, Guillermo.

Non voltes ó mar".

Polo ceo rosa
que quere apousar
na face da auga,
sube a dorna infinda
nun ronsel de bágoas.

Paséi polo mar
a ollar
a soidá.

BIBLIOGRAFÍA DAS AUTORAS NOS ARREDORES DE 1975

Varias das autoras teñen obra publicada antes de 1970 e tamén despois de 1980 mais nesta bibliografía só recolleemos a súa obra, en galego, editada na década dos anos 70.

M^a do Carme Kruckenberg

Poesía

Cantigas de amigo a Ramón González Sierra do "Pampillón". Vigo: Noroeste, 1972.

A sombra ergueita. Vigo: Edicións Castrelos, 1976.

Margarita Ledo Andión

Poesía

Parolar cun eu, cun intre, con insecto. Monforte: Xistral, 1970.

O corvo érguese cedo. Monforte: Xistral, 1973.

Anisia Miranda

Literatura infanto-xuvenil

Cantarolas e contos prá xente miuda. Akal, 1975. (Autora dos dous contos, os poemas son de Xosé Neira Vilas).

María Victoria Moreno

Literatura infanto-xuvenil

Mar adiante. Historias de nenos pra nenos. Sada: Edicións do Castro, 1973. (Autora tamén das ilustracións interiores).

O cataventos. 1º Premio do Concurso nacional de contos infantís O Facho, 1975. Incluído en *Contos pra nenos.* Vigo: Galaxia, 1979.

Ensaio

Os novísimos da poesía galega. Los novísimos da poesía galega. Madrid: Akal, 1976. (Selección, tradución, prólogo e notas).

Luz Pozo Garza

Poesía

Últimas palabras / Verbas derradeiras. Sada: Nordés-Edicións do Castro, 1976.

María Xosé Queizán

Ensaio

A muller en Galicia. Sada: Edicións do Castro, 1977.

Xohana Torres

Narrativa

Adiós, María. Bos Aires: Ediciones Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires, 1971.

Dora Vázquez

Poesía

Irmá. Poemas galegos. Ourense: La Región, 1970.

“Augas soltas” en *Dúas novelas galegas*. Ourense: La Región, 1978.

Literatura infanto-xuvenil

“A nena que iba a busca de un corazón” en *Monicreques*. Ourense: La Región, 1974.

Campo e mar aberto. Lugo: Celta, 1975.

Cascabel, o cabaliño do circo. 1º Premio do Concurso nacional de contos infantís O Facho, 1976. Incluído en *Contos pra nenos*. Vigo: Galaxia, 1979.

Teatro

Tres cadros de teatro galego. Ourense: La Región, 1973.

Pura Vázquez

Poesía

O desacougo. Vigo: Galaxia, 1971.

“O paxaro azul” e “O trasno enredador” en *Monicreques*. Ourense: La Región, 1974.

“Segundo Pereira” en *Dúas novelas galegas*. Ourense: La Región, 1978.

Obra conxunta de Pura e Dora Vázquez

Los poetas. Ourense: edición das autoras, 1971.

Literatura infanto-xuvenil

[*Monicreques*](#). Ourense: La Región, 1974.

Oriolos neneiros. Ourense: La Región, 1975.

Dúas novelas galegas. Ourense: La Región, 1978.

Helena Villar Janeiro

Obras colectivas (escolma poética)

Cravo fondo. Santiago de Compostela: Follas Novas, 1977.

Ensaio

Símbolos de Galicia. A bandeira, o escudo e o himno. Patronato Rosalía de Castro, 1979. (Con Xesús Rábade Paredes).


GAÑADORAS DO CERTAME NACIONAL DE CONTOS O FACHO

1975: *O cataventos*, de María Victoria Moreno.

1976: *Cascabel, o cabaliño do circo*, Dora Vázquez.

1977: *Os amigos do cabeceiro*, Ana María Fernández Martínez.

1979: *O Rei de nada*, Sabela Álvarez Núñez.



Día das escritoras 2025 nas
Bibliotecas Escolares de Galicia